

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 17 DE XANEIRO DE 2008.**

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugardos, ás nove horas e vinte minutos do día dezasete de xaneiro do ano dous mil oito, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local baixo a presidencia do alcalde-presidente, D. Xosé Fernández Barcia, coa asistencia das/os concelleiras/os, Dna. Carolina Cruz Fernández, D. Xosé Antonio Bouza Rey, D. Xosé Xoán Roca Lorenzo e Dna. Anxos Díaz Prados.

Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 20.12.2007.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión ordinaria realizada o día 20 de decembro de 2007.

### **2.- LICENZAS DE OBRAS**

#### **a) LICENZAS DE OBRAS DENEGADAS:**

Tendo en conta o informe desfavorable emitido pola arquitecta técnica municipal, de data 23.11.2007, e o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, así como que no trámite de audiencia ao interesado por este non se ten presentado alegación ningunha, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda denegar a seguinte licenza de obras:

- **D. RICARDO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ en representación de ESHOR S.L. (EXPTE. 45/2007) segundo solicitude de data 16 de marzo de 2007**, para instalación de caseta, na R/ Contramestre Casado, referencia catastral: 0626001NJ6102N, polos seguintes motivos:

*“A caseta estaría situada en zona de dominio público.”*

### **3.- EXPEDIENTE DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA INSTRUÍDO A DÑA. FRANCISCA LÓPEZ VILAR (EXPTE. 12/07)**

Visto o expediente de protección da legalidade urbanística (expte. 12/07) incoado a DÑA. FRANCISCA LÓPEZ VILAR, pola realización, en O Baño nº 31, referencia catastral: 9317602NJ5191N0002ME, de obras consistentes na construción de peche de muro prefabricado de bloque, sen a preceptiva licenza municipal de obras.

Atendido que durante o trámite de audiencia outorgado pola Resolución da Alcaldía 535/2007, de 31.08.2007, na incoación do expediente de protección da legalidade urbanística, polo interesado presentouse escrito de solicitude (N.R.Entrada 4.843/10.09.07), para legalización

das obras arriba indicadas.

Tendo en conta o informe da técnica municipal de data 27.11.2007, do que resulta acreditado que procede a legalización das devanditas obras.

E tendo en conta o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**Primeiro.-** Conceder a seguinte legalización de obras:

- **Dna. FRANCISCA LÓPEZ VILAR (EXPTE. 176/2007) segundo solicitude de data 27 de agosto de 2007**, para peche, en O Baño nº 31, referencia catastral: 9317602NJ5191N.

O peche será de 18 metros de lonxitude, de bloque e reixa e unha altura total de 1,50 metros.

O peche non será opaco en máis de 1 m. de altura e de reixa até acadar o 1,50 m. de altura (De acordo co acordo plenario de 28 de setembro de 2007, publicado no B.O.P. o 10 de outubro de 2007).

Non se permiten os peches con mallas tipo “galiñeiro” ou de arames, nin as terminacións agudas.

Distará do eixo da vía pública 4 m., debendo de solicitar aliñación no concello antes da súa execución.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

**Segundo.-** Levantar a paralización ordenada pola Resolución da Alcaldía número 535/2007, de 31 de agosto de 2007, das obras indicadas na devandita Resolución, e dar por rematado, en consecuencia, o expediente de protección da legalidade urbanística instruído a Dna. FRANCISCA LÓPEZ VILAR (expte. 12/07), pola realización sen a preceptiva licenza municipal de obras.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo aos interesados no expediente, para os efectos oportunos.

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e vinte e cinco minutos do día ao comezo sinalado, o sr. Alcalde levanta a sesión, de todo o cal eu, como secretario da corporación, dou fe.

Vº. e praxe  
O ALCALDE